



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Xullo 2021**


Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2021

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2021

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en xullo de 2021 un ascenso do 2,2% con respecto a xullo de 2020, mentres que a nivel nacional rexistrouse un incremento do 0,4%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo e os bens intermedios creceron un 10,0% ambos os dous, mentres que os bens de equipo decreceron un 21,7%. Pola súa parte a enerxía avanzou un 15,4%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a “outras industrias extractivas” que suma 2,3 puntos e a “industria da alimentación”, a “industria do papel” e a “producción de enerxía eléctrica”, que agregan 1,2 puntos cada unha delas á taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas destacan as seguintes ramas: a “fabricación de vehículos de motor” que resta 5,1 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria”, que minora 0,8 puntos e a “fabricación doutro material de transporte”, que detrae 0,5 puntos á taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2021



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xullo de 2021 rexistrou en Galicia un ascenso do 2,2% en taxa interanual, empeorando en 10,7 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (12,9%). En España, rexistrouse un incremento do 0,4%, taxa 10,8 puntos inferior á acadada no mes anterior (11,2%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 10,0%, o que engade 2,7 puntos.
- Os **bens de equipo** retroceden un 21,7%, o que minora 5,9 puntos.
- Os **bens intermedios** suben un 10,0%, cunha repercusión positiva de 3,0 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que aumenta un 15,4% sumando 2,4 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de xuño de 2021, por destino económico, os bens de consumo empeoran 28,5 puntos, os bens de equipo empeoran 10,8 puntos, os bens intermedios melloran 1,2 puntos e a enerxía empeora 8,2 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual foron: a “outras industrias extractivas” que suma 2,3 puntos e a “industria da alimentación”, “industria do papel” e a “produción de enerxía eléctrica”, que agregan 1,2 puntos cada unha delas á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan as seguintes ramas: a “fabricación de vehículos de motor” que resta 5,1 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria”, que minora 0,8 puntos e a “fabricación doutro material de transporte”, que detrae 0,5 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de xullo moveuse entre o -10,6% de Murcia e o 18,3% de Asturias.


Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Illes Balears (17,8%), La Rioja (12,8%), Extremadura (12,6%), Navarra (9,8%), Cantabria (6,0%), Canarias (4,2%), Cataluña (3,3%), Galicia (2,2%), Castilla - La Mancha (2,1%) e País Vasco (2,1%).

#### IPI Xullo 2021 Taxas de variación en %



### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xullo 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	104,0	2,2	15,4	--	--
Bens de consumo	133,8	10,0	26,1	2,7	6,4
Bens de equipo	83,9	-21,7	12,7	-5,9	3,0
Bens intermedios	134,1	10,0	13,4	3,0	3,9
Enerxía	69,4	15,4	9,0	2,4	2,0
<b>Es paña</b>					
Xeral	107,9	0,4	11,0	--	--
Bens de consumo	109,1	2,0	8,0	0,5	2,1
Bens de equipo	103,9	-5,3	14,3	-1,2	3,1
Bens intermedios	115,5	6,7	16,2	2,0	5,0
Enerxía	100,2	-4,5	3,7	-0,9	0,8

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xullo 2021

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>2,2</b>		<b>15,4</b>		
Outras industrias extractivas	92,6	2,3	58,8	0,8	1,1
Industria da alimentación	8,1	1,2	10,4	1,7	13,2
Industria do papel	89,8	1,2	6,4	0,2	2,2
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	10,3	1,2	9,5	1,7	22,3
Fabricación de mobles	62,6	0,9	70,9	0,8	1,1
Fabricación de bebidas	17,5	0,8	41,2	1,3	3,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	4,1	0,3	6,6	0,6	7,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	6,0	0,3	33,4	1,4	3,6
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	8,5	0,2	31,1	0,8	2,6
Outras industrias manufactureiras	30,1	0,2	65,6	0,3	0,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	3,5	0,2	8,2	0,4	5,1
Confección de roupa de vestir	-1,5	-0,1	61,7	2,2	4,1
Industria química	-4,4	-0,1	-10,2	-0,2	1,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-4,4	-0,1	8,2	0,2	2,0
Industria téxtil	-19,8	-0,1	15,4	0,1	0,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-15,3	-0,3	-3,6	-0,1	1,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-12,7	-0,4	23,1	0,6	2,5
Fabricación doutro material de transporte	-26,0	-0,5	-6,0	-0,1	2,0
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-24,2	-0,8	-10,5	-0,4	4,1
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-34,9	-5,1	19,7	2,4	13,1
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xullo 2021**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>107,9</b>	<b>0,4</b>	<b>11,0</b>
Galicia	104,0	2,2	15,4
Andalucía	102,0	-2,4	6,4
Aragón	102,8	-6,0	10,5
Asturias	104,3	18,3	16,9
Balears (Illes)	96,5	17,8	7,3
Canarias	92,3	4,2	1,5
Cantabria	111,1	6,0	17,5
Castilla - La Mancha	108,1	2,1	6,8
Castilla y León	92,7	-6,4	12,3
Cataluña	112,3	3,3	13,0
Comunitat Valenciana	111,3	-3,4	12,1
Extremadura	119,8	12,6	15,7
Madrid	111,3	-2,5	7,7
Murcia	121,5	-10,6	1,5
Navarra	109,8	9,8	16,6
País Vasco	108,5	2,1	12,4
Rioja (La)	91,4	12,8	11,1

Fonte: INE